



Ponte deume

BANDO

SOBRE A OBRIGA DE MANTER OS TERREOS E SOLARES NAS DEBIDAS CONDICIÓN S DE LIMPEZA E EVITAR ASÍ O RISCO DE INCENDIO, ANTES DO REMATE DO MES DE MAIO.

D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Lembra a todas as persoas propietarias de fincas, tanto urbanas como rústicas, do termo municipal de Ponte deume, a obriga de mantelas limpas. Requírese que se proceda á súa limpeza, co obxecto de evitar posibles incendios na época estival e manter as condición s de seguridade, salubridade, ornato público e hixiene. Todo isto ao amparo dos artigos 135 da lei 2.2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia, art. 21 e 21ter. da lei 3.2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 9.2017 de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e art. 28 da ordenanza xeral de limpeza do Concello de Ponte deume.

É responsabilidade das propietarias os posibles sinistros que se podan derivar do abandono de fincas, así coma os danos que se podan producir pola súa falta de limpeza ou desbroce de fincas rústicas e mal estado de conservación. Igualmente, están obrigados a evitar o crecemento de especies que dificulten a visibilidade das vías públicas especialmente en cruces ou lugares de paso de vehículos. En concreto a maleza ou demais elementos non poderán, en ningún caso, invadir as vías públicas.

A efectos de prevención de incendios, o artigo 22.1 da lei 3.2007 de 9 de abril, modificada pola Lei 9.2017 de 26 de decembro, establece que:

“As persoas que resulten responsables consonte o artigo 21 ter procederán á execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa, incluída, de ser o caso, a retirada de especies arbóreas, antes de que remate o mes de maio de cada ano...//...”

ADVIRTESE de que o incumprimento desta obriga poderá dar lugar ou ben, á execución subsidiaria dos traballos por parte do Concello, repercutíndolle á persoa propietaria os custos, ou ben, á execución forzosa con imposición de multas coercitivas de 300 a 6000 euros, reiterables ata lograr a execución dos traballos ordenados, todo isto sen prexuízo da posible incoación do expediente sancionador coa imposición da multa que proceda.

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento.

Ponte deume, 7 de maio de 2019.

D. Bernardo Fernández Piñeiro.